

suposto, tamén no identitario) que se veu chamando *celtismo*. Ensaio como o moi recomendábel *Nas orixes do celtismo galego*, de Fernando Pereira González, ben como outras achegas ao respecto ofrecidas por autores como Xosé-Lois Armada, contribúen sen dúbida para iso.

Nun contexto como este, publicar un libro cun título tan transparente e afastado de calquera eufemismo como é *A toponimia celta de Galicia* non deixa de ser indicio dun certo grao de valentía por parte do seu autor, Fernando Cabeza Quiles. E éo mesmo cando a intención con que foi concibido e elaborado non é, ben pensado, en absoluto excepcional, ou (séndonos máis estritos) non o sería en calquera outro país cunhas relacións culturais minimamente normalizadas: a exposición, con carácter eminentemente divulgativo, do amplo corpus toponímico galego (e do Noroeste peninsular, en xeral) que pode ser interpretado e explicado a partir dos nosos coñecementos actuais sobre linguas célticas, quer vivas quer xa extintas.

O carácter, os obxectivos e mais a estrutura d'*A toponimia celta de Galicia* non difiren das doutras obras publicadas con anterioridade por este mesmo autor. Ábrese o libro cun apartado introdutorio titulado "Os celtas en Galicia e o Promontorio Céltico", que sintetiza e resume, en liñas moi xerais, a cuestión do celtismo e das súas evidencias tanto en Galicia como no conxunto da península Ibérica. Desta maneira, o autor recolle o conxunto dos datos arqueolóxicos, documentais e onomásticos coñecidos cuxa conxunción e contextualización virían demostrar a existencia de tres grandes focos de lingua e cultura célticas na península Ibérica: a Beturia, a Celtiberia e a Gallaecia. Cabeza Quiles non perde tampouco a oportunidade de comentar propostas paradigmáticas máis recentes, xurdidas en diferentes escolas europeas e ben coñecidas xa polo público especializado galego, como a Teoría da Continuidade Paleolítica ou a idea dunha celtización atlántica. Sexa como for, a idea de celtismo expresada polo autor nesta introdución non afonda (como resulta lóxico e esperábel nunha publicación deste xénero) nos grandes, complexos e mesmo desesperantes debates terminolóxicos e conceptuais que adoitan acompañar a cuestión do celtismo.

Á introdución séguelle o estudo etimolóxico do material toponímico recollido por

**CABEZA QUILES, FERNANDO (2014): *A toponimia celta de Galicia*. Noia: Editorial Toxosoutos, 545 pp.**

A cuestión do celtismo en Galicia ten xerado debates ardentes e tomadas de posición que van da celtofilia (e celtomanía, mesmo) duns ao celtoescepticismo (e celtofobia, certamente) doutros. Coidamos non enganarnos ao afirmar que foi esta segunda tendencia a que, nas últimas décadas, conseguiu atinxir unha posición hexemónica no ámbito académico galego, chegando mesmo a extremos (supomos que interpretábeis como simples exabruptos ou extravagancias puntuais de persoeiros concretos) como negar a evidencia dun substrato lingüístico de carácter céltico na área xeográfica e cultural que actualmente identificamos con Galicia e territorios afíns. Cómpre engadir deseguido que, felizmente, cremos detectar nos últimos tempos un certo avance das cores intermedias (é dicir, de posturas ben máis matizadas á hora de abordar o estudo do noso pasado protohistórico), así como un mellor coñecemento do proceso de construción dese artefacto discursivo (operativo no nivel cultural, no académico e, por

Cabeza Quiles. Un estudo organizado en varios capítulos de extensión desigual, dispostos en orde alfabética e centrados en cadanseu tema ou ítem toponímico concreto (aspecto este último que posibilita o seren lidos de xeito autónomo). Cómpre salientar, neste sentido, que a ausencia dun índice global de capítulos dificulta sensiblemente o manexo do libro, ben que o índice de formas toponímicas (analizadas ou simplemente citadas) con que se pecha a obra compensa en certa medida tal ausencia, ao permitir unha rápida localización de cada un deses ítems no corpo do texto. En liña co que vén sendo habitual nas obras de Cabeza Quiles, esta nótrese tamén dun abundante material fotográfico que, na maior parte dos casos, serve para ilustrar as circunstancias físicas, orográficas ou de calquera outro tipo que virían avalar as propostas etimolóxicas defendidas para cada caso polo autor. Noutras ocasións, as fotografías tan só reproducen mostras de sinaléctica local en que aparecen as formas toponímicas en foco. Sexa como for, cómpre valorar especialmente o traballo de campo realizado por Cabeza Quiles, quen procurou (sempre que foi posíbel, e con maior ou menor grao de fiabilidade en función dos casos) confirmar e/ou matizar por esa vía as súas hipóteses etimolóxicas: véxase, por exemplo, o capítulo dedicado ao topónimo *Coruña*. Xulgamos tamén interesante a integración de datos etnográficos, antropolóxicos e doutro tipo como complementos de determinadas propostas etimolóxicas, dando unha visión máis cabal (ou, no mínimo, algo máis completa) dun material lingüístico cuxa antigüidade o converte nun obxecto de estudo particularmente fráxil e translúcido no tocante ao seu significado. Tamén bastante rechamante resulta a presenza dunha gran cantidade de material toponímico goidélico (irlandés e escocés), a miúdo ausente ou pouco ponderado en traballos deste xénero e que contribúe, sen dúbida, para contextualizar e comprender mellor determinados topónimos e/ou ítems léxicos cunha rendibilidade toponímica contrastada (pensemos, por pór tan só un exemplo, no capítulo dedicado ao substantivo *laxe*). Así mesmo, e dentro dese esforzo de contextualización da toponimia céltica galega, son frecuentes ao longo de todo o libro as referencias á Celtiberia (probabelmente o territorio céltico peninsular mellor coñecido

do punto de vista lingüístico), cuxa toponimia é utilizada como apoio recorrente polo autor á hora de interpretar elementos galegos. Isto, para alén de pór en destaque a existencia de paralelismos evidentes ou mesmo de correspondencias exactas (velaí casos como o de *Ledesma*, entre outros), constitúe, ao noso ver, un factor particularmente interesante, pois contradí na práctica o tópico (en verdade inexacto e moi pouco fundamentado, mais mesmo así moi repetido en certos ámbitos académicos e doutro tipo) de o celtismo galego ser un simple mito ou construto ideolóxico posto ao servizo dun diferencialismo de cariz nacionalista. Sinalemos tamén que a toponimia asturiana está moi presente na obra, mais, pola contra, explótase pouco material portugués, o cal resulta difícil de entender se temos en conta a pertenza dunha boa parte do actual territorio lusitano ao ámbito territorial, lingüístico e cultural da vella Gallaecia.

Para os lectores que se aproximaren da obra coas prevencións que este tipo de textos adoitan xerar, sinalaremos, para xa, que Cabeza Quiles non cae nunha celtofilia acrítica (tan censurábel, sen dúbida, como a celtofobia desinformada). En efecto, son moitos os apartados en que o autor matiza as explicacións etimolóxicas propostas e/ou recoñece ben o seu carácter provisorio, ben a necesidade dun maior volume de datos documentais para as confirmar. Por exemplo, ao analizar un dos ítems clásicos da toponimia céltica galega, como é *Brigantium*, Cabeza Quiles calibra debidamente os factores míticos e os factores históricos subxacentes á lenda de Breogán, admite a inexistencia de testemuños documentais directos sobre o pobo dos brigantinos (o cal, moi probabelmente, tería orixinado o macrotopónimo *Bergantiños*) e mesmo recolle opinións vertidas ao respecto por autores situados nos antípodas do celtismo, como Xosé María Bello Diéguez. Así mesmo, trátanse de xeito particular certos celtismos con rendibilidade toponímica que poderían ter chegado ao galego a través de linguas intermediarias (como *peza*, *bailía*, *corgo* ou *mina*) e tamén aqueloutros topónimos cuxa celticidade semella pouco probábel, malia estaren especialmente presentes en territorios europeos con substrato lingüístico-cultural fondamente céltico (por exemplo, a toponimia baseada na raíz *ab-/av-*, como *Avia*, ou na raíz *tam-*, como

*Tambre*, ambas as dúas adscritas por algúns autores a un hipotético substrato paleoeuropeo cada vez máis discutido).

Do punto de vista temático hai achegas interesantes, especialmente por tocaren aspectos escasamente tidos en conta e sobre os cales se suxiren posíbeis liñas de traballo. Por exemplo, o capítulo “Bretoña” desenvolve a cuestión da pegada deixada polos continxentes poboacionais chegados da Bretaña ao norte de Galicia no século V, e propón unha atraente interpretación da figura de Maeloc ou Maelog no contexto do primeiro cristianismo céltico e das relacións eclesiásticas e monásticas tecidas nas ribeiras atlánticas europeas nos primeiros séculos da Idade Media (temas, por outro lado, xa estudados no seu día polo profesor Alonso Romero). Tamén moi suxerente é a idea de certos topónimos inequivocamente romances teren traducido topónimos célticos preexistentes, tal e como sinala o autor para casos como *Castromao* (antigo *Caeliobriga*) ou *Anllóns* (quizais o antigo río *Ouir* das fontes clásicas). Por outra banda, topónimos xa clásicos nos estudos sobre o substrato lingüístico céltico en Galicia (como poden ser *Laxe*, *Dorna*, *Dubra*, *Camba* ou *Coruña*, por exemplo) partillan espazo con outros que, até onde nós sabemos, aínda non tiñan sido analizados á luz dese paradigma e que o autor interpreta en relación co céltico, nuns casos achegando propostas ben razoadas e dignas de ser consideradas (como nos capítulos dedicados a *Herbeira* ou *Medulio*, por exemplo) e noutros, porén, cunha resolución que achamos menos convincente ou, no mínimo, mellorábel en certos aspectos (como no capítulo en que se analiza o antroponimo *Centolo* presente no sintagma *As Covas do Rei Centolo*).

Como non podía ser doutra maneira (e máis aínda nunha obra voluminosa como esta, que ultrapasa as cincocentas páxinas e na cal se manexa material abundante e diverso), existen aspectos mellorábeis. Sen se tratar dun libro especialmente árido no que respecta á súa lectura (e iso malia a densidade de datos e referencias observábel nalgúns capítulos), a redacción é por veces reiterativa de máis, con expresións circulares e estruturas de xustaposición e encabalgamento que chegan a se estender por parágrafos enteiros. Ben que isto último pode ser explicado en virtude de factores meramente estilísticos e autoriais,

non se pode dicir outro tanto no tocante a outros erros e inexactitudes que, nun proceso de revisión máis minucioso, deberían ser corrixi-dos. Para alén de castellanismos sintácticos e, sobre todo, lexicais, sería desexábel un maior grao de rigor e especificidade no que respecta á terminoloxía empregada. Por exemplo, non cremos moi atinado definir san Maelog como un “santo galés” nunha altura en que o País de Gales nin sequera existía, ou referirse aos celtas como “pobo” ou “etnia”, aínda sendo estas simplificacións até certo punto necesarias para facilitar o acceso do público a unha obra, como dixemos, eminentemente divulgativa. Tamén achamos discutíbel a utilización de opinións tiradas de fontes como a Wikipedia sen as contrastar ou sen citar debidamente a referencia, ou invocar “o especial arraigo da festa do samaín” (sic) en apoio da orixe céltica de determinados topónimos que, polo demais, poden ser interpretados en termos estritamente lingüísticos.

Tamén se detectan ausencias rechamantes, que o son aínda máis cando valoramos o esforzo palpábel do autor en recompilar a maior cantidade de información posíbel na elaboración dos diferentes artigos. Por exemplo, ao abordar Cabeza Quiles o teónimo *Bormanico* no capítulo homónimo, non se cita o traballo monográfico de Juan José Moralejo sobre esa forma e as súas conexións lingüísticas no ámbito indoeuropeo (do mesmo xeito que se obvia o material toponímico baseado na raíz *\*born-*, como *Borneiro* e similares). Así mesmo, cando se fala do etnónimo *nerios* (para o cal se ofrece unha explicación moi razoábel, con certeza) non hai a máis mínima mención á que parece, cun grao de probabilidade moi elevado, a súa pervivencia toponímica máis clara: *Soneira* (< *\*SUB NERIA*), se cadra por o autor ter defendido en obras anteriores unha orixe etimolóxica diferente para o dito topónimo. Do mesmo xeito, no amplo capítulo dedicado a *Brigantia* e a *Bergantiños*, invócanse (atinadamente) os brigantes da actual illa de Gran Bretaña, mais non os brigantes que Ptolomeo situaba no sur de Irlanda, e cuxa relación cos anteriores semella evidente en termos históricos. Ou, no imprescindíbel apartado reservado na introdución para o topónimo *Céltigos* e similares, bótase de menos o concurso de topónimos portugueses ben significativos ao respecto, como *Santegãos* e

*Santegões*, os cales, de acreditarmos nos seus testemuños medievais, poden ser explicados a partir dun antigo derivado \*CELTICANOS.

De calquera maneira, estamos perante un libro que (tendo en conta o seu carácter divulgativo) pode calificarse como correcto en termos xerais. Un libro que, malia as grallas formais e de contido que vimos de sinalar, pode ser considerado un recurso útil para quen desexar aproximarse ao repertorio toponímico galego de raíz céltica e familiarizarse con determinadas cuestións con el relacionadas.

Paulo Martínez Lema